

Carlos L. Bernárdez: "Castelao fixo unha viaxe intelectual e plástica na súa obra sobre os negros"

Historiador da arte e crítico, Carlos L. Bernárdez (Vigo, 1958), vén de publicar en Laiovento 'Novo Diálogo. Achegas á obra plástica de Castelao', un traballo sobre a arte de Castelao no que pon en contexto a súa obra plástica e en particular a dos recoñecidos debuxos de negros, tanto os recollidos no álbum co material feito en Cuba e Estados Unidos, como nos debuxos soltos en diferentes coleccións, museos e xornais sobre o mesmo tema.

Xan Carballa 30/xullo /25

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/carlos-l-bernardez-castelao-fixo-viaxe-intelectual-plastica-sua-obra-negros/20250730074324229680.html>

—Esta achega á obra plástica de Castelao, agrupa dous traballos diferenciados.

Un aborda unha análise resumida da súa plástica anterior a 1936, pero o traballo sobre os debuxos de negros é a cerna do libro porque aínda que houbo outros estudos sobre eles crin que merecía novas lecturas. Está feito desde unha perspectiva algo novidosa, porque me parece que para entender as imaxes dos negros de Castelao era oportuno ver a imaxe do negro nese período no contexto internacional, dos anos 20 e 30 fundamentalmente. Como aparece na arte e na imaxe cultural europea e americana desde unha perspectiva, ás veces folclorizada ou racializada de maneira moi marcada, e tamén como os propios negros, escritores ou artistas plásticos, se vían a si mesmos e redefinían a súa imaxe. Acudín ás imaxes propostas nos anos 20, en Nova York e noutros ambientes culturais americanos e tamén revisei as imaxes do negro producidas no París que coñeceu Castelao no ano 1921. Ese foi o punto de partida.

—O singular é que eses debuxos negros só existen porque houbo exilio e o Castelao propagandista da causa democrática botou case un ano movéndose intensamente polos Estados Unidos.

Iso é certo e esa xeira militante é ben coñecida. Na prehistoria desa proposta artística de Castelao houbo poucos exemplos de representación dos negros na súa obra. Hai tres debuxos moi distintos que me parecen interesantes e se reproducen no libro: unha cartolina pequena nun café de París no ano 21, o debuxo de Panchito no conto de *Cousas* e unha viñeta do *Faro de Vigo* do 1927 que é unha obra que pode resultar incómoda pero é moi reveladora. Estudei estas imaxes contextualizadas para entender como a cultura plástica de Castelao tamén respondía a un pensamento dominante da época.

—Na obra gráfica Castelao hai unha identificación constante coa situación dos que están abaixo na sociedade, iso tamén se ve nestes debuxos ou nos que fai en Cuba para prensa?

O que se percibe é que hai realmente un sentido de identificación solidaria e ao tempo hai moito de mirada externa e interesábame resaltalo. A maneira de proxectar esas imaxes de Castelao, sobre todo nas de Cuba, respecto do que son imaxes de danzas, que era un xeito de representar o negro nese período. Non é tan distinto do que fan outros autores aínda que Castelao manifestou despois a súa solidariedade cos negros nun texto que pode ter unha parte incómoda, pero que é dunha grande honestidade, porque descobre que el era moi racista e deixou de selo e tomou conciencia ante a impresión brutal do racismo nos Estados Unidos, e nesa reflexión íntima remata dicindo que desde ese momento el daría a vida polos negros.

—Explica no libro como foi para el un auténtico descubrimento, social e político pero tamén que atopou unha vía de orientación plástica.

Neira Vilas documentou o paso de Castelao por Cuba, como coñeceu as escenas de danza e como é a súa unha ollada un pouco etnográfica. Pero é un traballo que fai estimulado desde un punto de vista estético e chega a escribir nunha carta a Xesús Bal i Gay que por fin atopara un tema para a súa pintura ou sexa que hai máis á parte desa cuestión de solidariedade. Mesmo lle di ao músico lugués, que finalmente se instalou en México, que desexaba que en Cuba tivese unha experiencia parecida á súa e atopase unha nova linguaxe.

—Ao final analiza máis debuxos que a ducia agrupada no álbum que está editado.

Son bastantes, porque hai moitos bosquexos e outros que saíron en medios. E deberon ser moitos máis os que fixo e rematou nos Estados Unidos, porque Castelao afirma que para subsistir vendeu unha chea deles en Nova York. En Estados Unidos el e Virxinia viviron un ano e chega un momento que non teñen cartos, e Castelao non quere botar man do diñeiro republicano. Daquela malvende obras ás que se perdeu a pista. E despois hai debuxos que están no museo de Pontevedra e outros, máis pequenos feitos en follas de carta, e tamén se gardan na Biblioteca Penzol. Deste tipo, máis bocetos que obras rematadas, algúns tamén están en coleccións privadas.

Ademais hai dúas obras que me parecen moi interesantes. Unha delas é a que da título ao libro, 'Novo diálogo'. Publicouse en Cuba nun xornal filocomunista que se chamaba *Hoy*. Nun deles, titulado como digo *Novo diálogo*, aparecen dous homes, negro cubano e branco galego, dándose a man e falando "—Hermanos? — Los trabajadores siempre somos hermanos". Aparece nitidamente o Castelao solidario. É unha imaxe distinta á dos álbums, a do Castelao máis próximo ao comunismo, falando de solidariedade de clase nos mesmos termos que despois aparecen no poema 'Irmaus' de Celso Emilio Ferreiro. "Anque as nosas palabras sexan distintas / e ti negro e eu branco / se temos semellantes as feridas / como un irmao che falo". Pareceume un título extremadamente interesante porque reflexa a posición de clase, social e política, que adopta nese tempo Castelao.

—Que enfoque novo buscou na súa análise?

Na edición de Galaxia, Domingos García Sabell fixo un bo texto de introdución, pero moi marcado pola visión dos anos 60 e 70, falando da negritude, de Léopold Senghor, etc. E é certo que hai esa visión solidaria cos negros porque pinta negros, pero quixen ir máis alá e este estudo abordeino desde a metodoloxía da teoría das imaxes e un pouco desde unha perspectiva decolonial.

—Castelao foi singularmente recoñecido pola Federación Mundial de Sociedades de Negros.

Nomeárono presidente de honor en recoñecemento da súa loita antirracista.

—A outra parte deste libro é unha visión sobre o conxunto da obra artística de Castelao. O *Diario 1921* é unha clave fundamental desa evolución?

Lin o traballo de Rei Rabuñal sobre o *Diario 1921*, e efectivamente ese traballo de Castelao está cheo de reflexións decisivas nun momento moi interesante. e hai que interpretalas no contexto e vendo o seu camiño e evolución estética. O Diario é ben interesante e sitúa perfectamente as procuras de Castelao no contexto estético do seu momento, tanto nas cousas que lle interesan como as que non. Sitúase nun discurso estético que é coherente con moitos ambientes do contexto europeo e non é nada raro o que fai.

Castelao nese momento aínda estaba máis ou menos no modernismo, pero as obras desa altura xa deran un cambio importante porque xa fixera o *Álbum Nós*, que para min é o momento chave da obra de Castelao. Como ilustrador, como debuxante é o que marca o cambio no contexto estético galego desde unha arte máis ou menos rexionalista, máis ou menos anecdótica, a unha arte que se define desde perspectivas sociais e ao mesmo tempo é moderna no sentido formal Castelao encaixa co tipo de debuxo social que se fai en Europa e el está ben informado das orientacións xa antes da viaxe a París.

O tipo de debuxo que está utilizando é plenamente contextualizábel no contexto europeo. Despois de París todo ten unha explicación bastante lóxica. A percepción sobre a non modernidade de Castelao dalgúns análises de décadas atrás son unha miga simples e creo que non teñen ningún sentido, non só sobre o propio Castelao tamén en todo o contexto da arte galega e no contexto xenérico do momento porque nese momento a variedade estética é moi grande. Castelao chega a París en 1921 e xa non é o momento das vangardas radicais do cubismo, xa pasara o momento do cubismo e moitos cubistas xa non facían cubismo ou volveran á figuración máis ou menos pautada por certos estilemas do cubismo. O cubismo non era a vangarda actuante nese momento.

Castelao encontra un contexto moi aberto, moi variado e aí define as súas procuras desde o popular, desde a plástica de ilustración. Castelao era moi reflexivo sobre a política e tamén sobre a arte e os textos do *Diario 1921* —que non esquezamos, que facía para el mesmo—, e diversas intervencións públicas sobre arte que fixo despois demóstrano.

Un texto no que se ve o paso intelectual de Castelao do racismo ao antirracismo

Castelao encontra un contexto moi aberto, moi variado e aí define as súas procuras desde o popular, desde a plástica de ilustración. Castelao era moi reflexivo sobre a política e tamén sobre a arte e os textos do *Diario 1921* —que non esquezamos, que facía para el mesmo—, e diversas intervencións públicas sobre arte que fixo despois demóstrano.

Historiador da arte e crítico, Carlos L. Bernárdez (Vigo, 1958), vén de publicar en Laiovento un traballo sobre a arte de Castelao no que pon en contexto a súa obra plástica e en particular a dos recoñecidos debuxos de negros, tanto os recollidos no álbum co material feito en Cuba e Estados Unidos, como nos debuxos soltos en diferentes coleccións, museos e xornais sobre o mesmo tema.